REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Día: 03.09.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

1.1 43154 (10/POC-006819)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para evitar as potenciais infeccións dos xabarís e porcos polo virus da peste porcina africana, así como as súas intencións referidas á realización dalgunha campaña informativa respecto desta praga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 32370 (10/PNC-002638)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun mapa coa clasificación dos solos de Galicia en función das súas aptitudes e que inclúa un catálogo daqueles que teñen alta produtividade agropecuaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018

2.2 46744 (10/PNC-003762)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas excepcións á prohibición do pastoreo previstas no artigo 43.2 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019

2.3 51570 (10/PNC-004125)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar o Goberno galego en relación coa incidencia do uso de praguicidas e de produtos químicos na saúde dos

traballadores do sector agrogandeiro, así como o deseño dun plan galego de control, de uso e de diminución dos produtos fitosanitarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019

2.4 51938 (10/PNC-004151)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis
Sobre a elaboración por parte do Goberno galego, no segundo semestre de 2019, dun plan de choque con actuacións concretas para evitar a baixada da poboación ocupada no sector agrario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 495, do 01.07.2019

2.5 52239 (10/PNC-004171)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos xurros e residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva que se esta a levar a cabo na comarca da Limia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 502, do 10.07.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Daniel Vega Pérez	P

Vicepresidenta

Rosa Oubiña Solla	P

Secretario

José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Marcos Cal Ogando	EM
Jackeline Elizabeth Fernández Macías	P
Carlos Gómez Salgado	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Maria del Carmen Rodríguez Dacosta	S
David Rodríguez Estévez	M

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 03.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Pregunta

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 03.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 43154(10/POC-006819)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para evitar as potenciais infeccións dos xabarís e porcos polo virus da peste porcina africana, así como as súas intencións referidas á realización dalgunha campaña informativa respecto desta praga

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43154
Data envio: 11/01/2019 14:00:57.983

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O virus da peste porcina africana (PPA) é un dos máis complexos que existen, e posúe unha gran variabilidade xenética. Ao contrario do que adoita pensarse non é de doada transmisión, pero si extremadamente resistente, por exemplo, en sangue e feces.

En España a última vez que entrou foi en 1960 e erradicouse en 1995, dándose algúns focos no 2001 e 2002 nalgunhas provincias. Con todo, en países do centro e do leste de Europa como Bielorrusia, Estonia, Polonia, Eslovenia e, recentemente, Bélxica, esta peste mantense activa desde 2005 en poboacións de xabarís silvestres e é por iso que algúns gobernos están a levar a cabo programas de vacinación.

Actualmente, China leva 10 provincias infectadas polo que agora o país máis preocupado é EEUU onde están a poñer en marcha numerosas medidas (xa que importan moito desde o país asiático).

En España, o labor excelente por parte do Ministerio de Agricultura confiando nos científicos especialistas foi fundamental para a súa erradicación. Ademais, dese brote aprendéronse moitas cousas que serviron para que agora o noso sector porcino se modernizase e estea nos primeiros postos en canto á bioseguridade, benestar animal e seguridade alimentaria en Europa e no mundo.

A xa de por si elevada concentración de xabarís en Europa, España e Galicia aínda experimentou un crecemento nos últimos anos. Este é un dos factores que provocaron o último brote en Europa xa que, aínda que estea prohibido o traslado de xabarís entre países, é imposible controlar o movemento dos animais.

A pesar de que na actualidade non existe unha vacina 100 % eficaz, si que se prevé que a haxa en dous anos aproximadamente, segundo os científicos, razón pola que é necesario tomar medidas para evitar que os xabarís da península non se infecten.

A bioseguridade álzase así como a ferramenta máis eficaz que temos para combater as posibles infeccións e é por iso que hai que tratar de ser previsores e

CSV: REXISTRO-ReZmxSC6i-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43154
Data envio: 11/01/2019 14:00:57.983

estar preparados por se acaso, xa que, Galicia, ao ser unha gran produtora porcina, tería moito que perder.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas preventivas está a tomar a Xunta de Galicia para evitar as potenciais infeccións dos xabarís e os porcos?

2ª) Ten o Goberno galego un censo actualizado do número de xabarís que hai en Galicia, se fora o caso, cantos xabarís hai en Galicia, delimitados por provincias?

3ª) Ten previsto adoptar algunha campaña informativa relativa a esta praga que se está estendendo por Europa?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/01/2019 13:55:38

Raúl Fernández Fernández na data 11/01/2019 13:56:00

CSV: REXISTRO-ReZmxSC6i-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 03.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 03.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 32370(10/PNC-002638)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun mapa coa clasificación dos solos de Galicia en función das súas aptitudes e que inclúa un catálogo daqueles que teñen alta produtividade agropecuaria

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 17:16
Nº Rexistro: 32370
Data envio: 13/06/2018 17:16:48.143

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate na **Comisión 7.ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Solo Rústico de especial protección agropecuaria ven definido no artigo 34.2 a) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia como:

a) Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que foran obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

Como actualmente non existe ese catálogo oficial correspondente, elaborado pola Consellería de Medio Rural, onde se delimiten os terreos de alta produtividade agropecuaria, existe a posibilidade de que moitos deses terreos queden desprotexidos ao libre arbitrio dos concellos.

Recentemente o Concello de Curtis ven de aprobar inicialmente unha modificación puntual que elimina o solo rústico de especial protección agropecuaria, pretendendo deixar desprotexidos terreos de elevado valor agrario e gandeiro.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 17:16
Nº Rexistro: 32370
Data envio: 13/06/2018 17:16:48.143

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Ademais das necesidades actuais de solo para cultivos agrarios e para as explotacións gandeiras, existe a obriga de conservar para o futuro o que é un recurso valioso e non renovable.

Máis nun país no que segundo as estatísticas non deixa de descender a superficie agraria útil, e onde hai unha excesiva dependencia da importación de alimentos.

Co obxectivo da protección e conservación destes solos é preciso actuar de inmediato elaborando un mapa de solos de Galiza, onde se leve a cabo unha clasificación detallada en función das súas aptitudes.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a elaborar un Mapa de Solos de Galiza que clasifique os solos en función das súas aptitudes, e que inclúa un Catálogo de Solos de alta produtividade agropecuaria.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Deputado do G.P. de En Marea
Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 17:16
Nº Rexistro: 32370
Data envio: 13/06/2018 17:16:48.143

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García na data 13/06/2018 17:15:49

David Rodríguez Estévez na data 13/06/2018 17:16:06

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 03.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 46744(10/PNC-003762)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas excepcións á prohibición do pastoreo previstas no artigo 43.2 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46744
Data envio: 22/02/2019 14:24:34.242

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro, Daniel Vega Pérez** e **Rosa Oubiña Solla,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de motivos

A prohibición de pastorear nas zonas queimadas por un incendio durante un período de dous anos é unha norma recollida no artigo 43 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, aprobada polo goberno bipartito.

Estas limitacións poden ter excepcións en base ás perdas de difícil reparación pola prohibición do pastoreo ou pola inexistencia de alternativas na mesma demarcación forestal. Estes prexuízos económicos deberán ser tidos en conta para non prexudicar unha actividade económica de grande transcendencia no medio rural.

A Xunta de Galicia está seguindo as recomendacións do ditame da comisión de estudio dos incendios, coa intención de regular as excepcións a esta prohibición, sempre que se acrediten perdas de difícil reparación pola prohibición do pastoreo ou a inexistencia de alternativas ao pastoreo dentro da mesma comarca.

Como todos sabemos, os incendios de outubro de 2017 producíronse nunha situación na que as condicións atmosféricas extremas afectaron a todo o territorio da Comunidade Autónoma. Foron incendios en condicións moi desfavorables para a súa extinción, afectando varios deles a superficies moi superiores ás 500 ha que definen os grandes incendios. Nesas condicións, as afeccións económicas e os prexuízos para as explotacións forestais foron considerables.

Neste sentido, tramitáronse axudas para compensar os danos producidos. Para as explotacións forestais de madeira establecéronse medidas extraordinarias, que foron realizadas directamente pola Administración, para garantir a súa eficacia. Estas medidas inclúen: a consolidación de solos queimados, o triturado da vexetación queimada, a reparación de peches gandeiros e a reparación de infraestruturas.

O certo é, que quedaron afectadas grandes extensións de pastos en aproveitamento extensivo, con poucas alternativas de viabilidade agás excepcionar, de acordo coa

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BEWGKdT717
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46744
Data envio: 22/02/2019 14:24:34.242

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

normativa, restricións ao aproveitamento de pastos, polo que pensamos que as superficies afectadas polos grandes incendios forestais deben terse en especial consideración.

Tendo en conta o anteriormente exposto, desde o Grupo Parlamentario Popular, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a regular, antes de finalizar o 2019, as excepcións a prohibición que se prevén no apartado 2 do artigo 43 da Lei 3/2007, de prevención e extinción de incendios de Galicia, sempre que se acrediten perdas de difícil reparación pola prohibición do pastoreo ou a inexistencia de alternativas ao pastoreo dentro da mesma comarca".

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2019 14:21:05

Moisés Blanco Paradelo na data 22/02/2019 14:21:14

Jesús Miguel Prado Patiño na data 22/02/2019 14:21:20

Raquel Arias Rodríguez na data 22/02/2019 14:21:31

Carlos Gómez Salgado na data 22/02/2019 14:21:38

Jacobo Moreira Ferro na data 22/02/2019 14:21:46

Daniel Vega Pérez na data 22/02/2019 14:21:53

Rosa Oubiña Solla na data 22/02/2019 14:22:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BEWQKdT717
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 03.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 51570(10/PNC-004125)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar o Goberno galego en relación coa incidencia do uso de praguicidas e de produtos químicos na saúde dos traballadores do sector agrogandeiro, así como o deseño dun plan galego de control, de uso e de diminución dos produtos fitosanitarios

Publicación da iniciativa, 493, 26.06.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2019 13:13:48
Nº Rexistro: 51570
Data envio: 14/06/2019 13:13:48.334

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres** e **Ana Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

O uso e abuso de produtos fitosanitarios na agrogandeiría nos últimos anos aumentou considerablemente. De feito o Estado español, no ano 2016, con case 80.000 tn (fonte Eurostat), liderou o ranking europeo no uso destes produtos, e ten incrementado dende o ano 2011 en máis dun 6% as cantidades empregadas. Galiza non é un caso alleo a esta tendencia. Só en glifosato, por citar o produto que é actualidade polos seus efectos nocivos demostrados e prohibición de uso para o 2022, Galiza tería gastado no 2017 uns 10 millóns de euros.

Esta situación preocupa e podémola considerar de alerta dado o risco certo que este tipo de produtos teñen sobre a saúde.

A pesares de contar cun "Plan de Acción Nacional" para o uso sostible dos produtos fitosanitarios", no que se marcan as directrices cara un bo uso e diminución destas sustancias; así coma que Galiza ten desenvolto as súas competencias nas inspeccións periódicas dos equipos de aplicación destes produtos, mediante o Decreto 60/2014, de 15 de maio, e de existir un Comité Fitosanitario Galego, a relaxación da Xunta de Galiza nesta cuestión é un feito. Problemáticas xa denunciadas nesta Cámara, coma o uso dos praguicidas sobre eucaliptais rociados en cultivos de Melide con

CSV: REXISTROm8aCEc3RR4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2019 13:13:48
Nº Rexistro: 51570
Data envio: 14/06/2019 13:13:48.334

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Flufenoxuron, no 2012, e que a Consellería do Rural negaba enerxicamente a súa perigosidade, sendo posteriormente vetado pola UE; ou que continua avanzando a desaparición das abellas na Galiza, por mor do uso de moitas destas sustancias; intoxicacións en invernadoiros e cultivos en horta; pois poñen de manifesto a necesidade dun maior control e seguimento sobre cal é a situación real e que incidencia pode estar causando sobre a poboación, e medio ambiente en xeral.

De feito bótase en falta, mesmo no portal de transparencia da Xunta de Galiza, a actividade desenvolta polo Comité Fitosanitario Galego, órgano Colexiado que debe velar polo bo uso deste tipo de sustancias, planificar anualmente medidas de inspección, a seguridade, reducir impactos ambientais derivados do manexo destas substancias nocivas. Descoñecemos da actividade desenvolta por este organismo e da que non se da publicidade.

Neste sentido sería de interese coñecer como dito organismo ten abordado o problema denunciado pola Fiscalía do Estado no que se solicitou aos gobernos de Galiza e León anular perto de 7.000 carnets de manipulación de produtos fitosaniatarios obtidos fraudulentamente entre os anos 2015 e 2016. Ademais dende as centrais sindicais labregas denunciase que moitos destes cursos de formación de manexo foron ridículos, algúns deles obxecto de chistes e pullas que puxeron a proba a inventiva popular.

O problema está aí cruamente. Non vale a relaxación da Administración na súa responsabilidade de controlar o bo uso de herbicidas, insecticidas, funxicidas e demais substancias químicas de carácter tóxico, de xeito reiterado, con escasa protección e cun manexo deficiente. Por exemplo, algúns destes produtos químicos, os órgano fosforados e carbamatos inhiben a actividade da encima acetilcolinesterasa (ACHE) no tecido

CSV: REXISTROm8aCEc3RR4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2019 13:13:48
Nº Rexistro: 51570
Data envio: 14/06/2019 13:13:48.334

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nervioso e nos hematíes de carácter permanente no caso dos órgano fosforados e reversible no grupo dos carbamatos.

Todas aquelas persoas que profesionalmente, ou non, están expostas a un uso cotiá destas sustancias, deben dispor de tódalas garantías por parte da Administración, e dos seus órganos de control, para vixiar e detectar posibles exposicións a niveis de residuos perigosos, a un correcto asesoramento e formación, e informa dos riscos e afeccións a enfermidades crónicas a resultas destes usos e manexos. A aplicación destes produtos ten maior incidencia cando se trata de traballadores de empresas adicadas a labores por conta allea ou en prácticas agrícolas a cuberto en invernadoiros.

Cremos pois necesario que desde a Administración pública, e en particular dende o Comite Fitosanitario Galego, se faga un primeiro estudo entre a poboación de risco, continuado no tempo, establecendo as analíticas nos períodos de aplicación e nos de descanso para contrastar.

A actividade agrogandeira ten en si enfermidades de risco nunca consideradas coma tales.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG considera de xustiza velar pola saúde dos nosos agricultores e gandeiros e en consecuencia presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Comisión 7ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- Deseñar un plan de seguimento entre traballadores e traballadoras das diferentes ramas de actividades agrícolas e gandeiras que utilizan praguicidas que estableza a incidencia que o uso destes ten na saúde dos mesmos.

CSV: REXISTROm8aCEc3RR4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2019 13:13:48
Nº Rexistro: 51570
Data envio: 14/06/2019 13:13:48.334

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Deseñar un "Plan Galego de control, uso e diminución de produtos fitosanitarios" en beneficio das e dos traballadores das diferentes ramas de actividades agrícolas e gandeiras que utilizan praguicidas e polo que se que reforcen as medidas e garantías de saúde ante a exposición profesional e accidental a este tipo de substancias."

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2019 12:56:33

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2019 12:56:41

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2019 12:56:47

CSV: REXISTROm8aCEc3RR4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2019 13:13:48
Nº Rexistro: 51570
Data envio: 14/06/2019 13:13:48.334

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2019 12:56:54

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2019 12:57:02

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2019 12:57:14

CSV: REXISTROm8aCEc3RR4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 03.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 51938(10/PNC-004151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego, no segundo semestre de 2019, dun plan de choque con actuacións concretas para evitar a baixada da poboación ocupada no sector agrario

Publicación da iniciativa, 495, 01.07.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 13:36:38
Nº Rexistro: 51938
Data envio: 26/06/2019 13:36:38.435

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Mentres no conxunto de España o emprego no sector agrícola incrementouse nun 8 % no último ano e medio, en Galicia, no mesmo período, os datos da última Enquisa de Poboación Activa (EPA) do primeiro trimestre de 2019, reflicten unha forte caída do emprego agrícola, xa que se destruíron cerca de 15.000 empregos. Segundo o último informe da EPA agora hai en Galicia 63.600 traballadores agrarios, unha cifra preocupante que se acerca moito á peor rexistrada na nosa comunidade autónoma: os 61.200 de comezos de ano 2015.

No terceiro trimestre de 2008 traballaban no sector agrícola galego 102.500 persoas e a principios de 2015 só 61.200, é dicir 41.300 traballadores menos, ou o que é o mesmo un 40 % menos.

Entre os anos 2015 a 2017 o sector agrario sumou 17.200 empregos máis, pero os sindicatos agrarios xa avanzaban daquela en que non había creación de emprego novo no rural, se ben se deron casos illados de incorporacións concretas de xente moza que creou os seus propios empregos, a regra xeral foi que esas reincorporacións eran daqueles que retornaban as casas dos seus pais, avós ou irmáns porque non atopaban emprego nas cidades ou noutros sectores económicos. A maior parte destes traballadores procedían da construción e regresaban ao rural ante a dificultade de atopar emprego estable e tamén polo adelgazamento neses anos do sector público galego, que segundo os sindicatos agrarios, deixou sen renovar moitos contratos temporais. Non obstante, entre setembro de 2017 e marzo de 2019 o sector agrícola volveu a derrubarse, dos cerca de 79.000 empregos no sector que había no terceiro trimestre de 2017 pasouse aos 63.600 segundo o informe EPA do primeiro trimestre de 2019.

Entre xaneiro de 2016 e abril de 2019 perdéronse en Galicia 1.670 explotacións agrarias, pasando de 9.078 a 7.408.

Se ben os sindicatos agrarios din que a principal causa da perda de poboación ocupada no sector agrario galego é a recuperación doutros sectores económicos, inciden tamén en que existen outros factores relevantes nesta perda de poboación ocupada.

CSV: REXISTROrf8XHKOb36
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 13:36:38
Nº Rexistro: 51938
Data envio: 26/06/2019 13:36:38.435

Un destes factores é o empeoramento das condicións de vida no rural. Ás peores condicións económicas do sector agrario fronte a outros sectores económicos súmanse a precariedade dos servizos públicos no rural: supresión de persoal nos centros de atención primaria por parte da Xunta de Galicia, non creación de prazas públicas en residencias de maiores … son só algúns dos exemplos.

Outro dos factores é o envellecemento, xa que a terceira parte dos titulares das explotacións agrarias son maiores de 55 anos, non habendo polo tanto un relevo xeracional, como tamén acontece noutros sectores como pode ser a pesca.

Por todo o dito amósase necesario que por parte da Xunta de Galicia se adopten de xeito inmediato medidas concretas para combater a perda de traballadores no sector rural galego.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan de choque, dentro do segundo semestre de 2019, que determine as accións concretas a levar a cabo para evitar a caída de poboación ocupada no sector agrario galego.

Pazo do Parlamento, 25 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 26/06/2019 13:22:39

Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2019 13:22:57

CSV: REXISTROrf8XHKOb36
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 13:36:38
Nº Rexistro: 51938
Data envio: 26/06/2019 13:36:38.435

Julio Torrado Quintela na data 26/06/2019 13:23:11

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/06/2019 13:23:30

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/06/2019 13:23:50

CSV: REXISTROrf8XHKOb36
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 03.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.5 52239(10/PNC-004171)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos xurros e residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva que se esta a levar a cabo na comarca da Limia

Publicación da iniciativa, 502, 10.07.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 18:13:32
Nº Rexistro: 52239
Data envio: 03/07/2019 18:13:32.080

A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**, sobre a xestións dos residuos gandeiros na comarca de A Limia.

Exposición de motivos:

Na Comarca da Limia, de xeito que foi desaparecendo a agricultura e gandería tradicional, e mudando cara un modelo intensivo, as augas da bacía hidrográfica do Rio Limia vanse tornando cada vez máis contaminadas.

Hoxe, esta comarca soporta unha carga gandeira de máis de 75.000UGM, equivalente a unha poboación de 1.6000.000 habitantes, que producen unha cantidade maior a un millón de toneladas de residuos que acaban depositándose ao aire libre e sen ningún tipo de depuración, tratamento, precaución e protección.

A Comarca da Limia está a padecer unha severa agresión pola xestión que na actualidade se fai dos residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva, e máis particularmente as dedicadas a produción de porcino e avícola . Aínda que o artigo 2 da lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos sólidos e solos contaminados exclúe segundo o disposto no apartado e), As materias fecais, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola non perigoso utilizado en explotacións agrícolas e gandeiras mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medioambiente, NON AMPARA EN ABSOLUTO as prácticas que de forma rutineira e xeneralizada estanse a aplicar na Comarca da Limia e que si supoñen un dano irreparable para o medioambiente e a saúde humana :

CSV: REXISTROO8n8T859H2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 18:13:32
Nº Rexistro: 52239
Data envio: 03/07/2019 18:13:32.080

• Proceso de eutrofia acusada no Encoro das Conchas,

• Aumento constante dos niveis de concentración de Nitratos nas augas subterráneas.

• Afección irreversible o encoro de Faramontaus (presa de Gudín) non sendo apta na actualidade para abastecemento…

• Empobrecemento da biodiversidade.

• Degradación paisaxística da comarca

• Mala calidade do aire (cheiro constante a xurro).

Tamén o artigo 3 da Lei 10/2008 do 3 de novembro establece que quedan fora do seu ámbito de aplicación: Os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materias fecais e outras sustancias naturais e non perigosas cando se utilicen no marco das explotacións agrarias.

Esta exclusión non ampara as aplicación incontroladas de xurro que se fan durante longos períodos do inverno sobre extensas superficies de mato (toxo e xestas) que baixo a escusa dun suposto abonado non persegue máis fin que o desprenderse do xurro en exceso motivado por saturar a comarca cunha carga gandeira irracional.

De igual xeito deixase fora de control e mírase cara outro lado en relación as condicións mínimas que deben gardar os depósitos de esterco ó aire libre (sobre todo de galiña) que se observan durante o inverno/primavera en moitas parcelas e campos de cultivo e que poden ocasionar de forma evidente episodios de contaminación.

CSV: REXISTROO8n8T859H2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 18:13:32
Nº Rexistro: 52239
Data envio: 03/07/2019 18:13:32.080

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Mixto, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Entregar aos grupos parlamentarios e deputados integrantes desta comisión 7.ª a seguinte documentación:

a. Documentación sobre as medidas que se están a tomar para evitar que baixo un suposto amparo legal se leven adiante as prácticas descritas anteriormente e que a todas luces danan irreparablemente o medioambiente e a saúde das persoas.

b. Documentación sobre as medidas que se están a tomar en relación ó depósito de esterqueiras ó aire libre e en contacto directo sobre o chan sen ningún tipo de soleira impermeabilizada.

c. Documentación sobre os controis que se fan respecto a xestión de envases de produtos fitosanitarios, xa que se seguen a ver numerosos episodios de envases directamente abandonados sobre o campo ou balsas de rega como se pode observar nunha das fotografías.

d. Documentación sobre que medidas de control se están a someter as empresas, especialmente a denominada ASER, no tocante o transporte e distribución de xurros.

e. Censo actualizado a día de hoxe da carga gandeira que está a soportar a Comarca da Limia.

CSV: REXISTROO8n8T859H2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 18:13:32
Nº Rexistro: 52239
Data envio: 03/07/2019 18:13:32.080

2. Abrir unha investigación contactando coas autoridades competentes para depurar responsabilidades sobre o estado no que se atopa o chan e as augas da Comarca da Limia afectadas por este elevado nivel de contaminación.

3. Facer unha moratoria na comarca da Limia a instalación de novas granxas.

4. Ordenar as explotacións existentes e adoptar unha xestión ambientalmente sustentable dos residuos agrogandeiros xerados, que cumpra co Dereito da Unión Europea.

5. Revisar as superficies asociadas as explotacións de porcino.

6. Esixir as explotacións unhas balsas para a xestión de xurros adecuadas ó tamaño da explotación.

7. Facer un control exhaustivo sobre as empresas dedicadas ó transporte de xurros.

8. Por en funcionamento o centro de tratamento de xurros sito na Limia para tratar os excedentes producidos pola excesiva carga de porcino autorizada pola Consellería de Medio Rural.

9. Publicar un Decreto de Xestión de Residuos Agrogandeiros de obrigado cumprimento.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Deputado do G.P. Mixto
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. Mixto

CSV: REXISTROO8n8T859H2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 18:13:32
Nº Rexistro: 52239
Data envio: 03/07/2019 18:13:32.080

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2019 18:09:41

Luis Villares Naveira na data 03/07/2019 18:10:02

CSV: REXISTROO8n8T859H2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/